

# CARBALLO

*Quercus robur*

CLASE : Anxiospermas  
ORDE : Fagales  
FAMILIA : Fagáceas

O carballo común ou do país é a árbore máis representativa da flora galega. Pode acadar os 50 m de altura e os 1000 anos de idade.

A copa é globosa e o toro forte, moi ramificado coa tona gris, lisa, nos exemplares novos e fendida, reticulada e de cor parda nos vellos.

O carballo é orixinario de Europa, Asia e o norte de África. En Galicia atópase por todo o territorio aínda que é máis escaso na zona sur-oriental.

A importancia do carballo en Galicia pódese deducir pola súa abundante presenza na toponimia (Carballo, Carballedo, Carballeda, Carballiño...), na heráldica (está presente tanto en escudos de familias como de concellos), nos ritos e crenzas populares (curación de esbrilladuras e o tangaraño), nos usos e na medicina (para fortalecer os vasos circulatorios e contra as inflamacións, como astrinxente...).

As follas son simples, alternas, ovais e lobuladas, de 10-12 cm de lonxitude e 8 cm de ancho, co peciolo moi curto.



As flores son moi pouco aparentes. As masculinas, agrúpanse en amentos delgados de uns 4 cm. As femininas, espidas, de forma globosa, de 1 mm, de cor parda cos estigmas vermellos. Aparecen en grupos de 2 a 4. Florece de febreiro a marzo.



As landras son froitos secos. Miden de 3 a 4 cm de longo e entre 1,5 e 2 cm de ancho. Aparecen en grupos de 2 a 4, sobre rabiños de 4 a 8 cm de lonxitude. Maduran en setembro.



É frecuente atopar sobre os carballos distintas formacións (bugallos, caraboucos, cocos, mazáns de cuco...) producidas pola reacción da árbore ás postas de diferentes insectos



**Carballo do Pazo de Cartelos.** (Carballeda-Lugo). Ten 35 m de altura e nalgunhas partes acadase 12 m de perímetro debido ás nórregas do seu toro. É un dos máis altos de Galicia e está considerado o de máis idade, posiblemente supere os 500 anos.



**Carballo da Rocha** na Saíza de Abaixo (Rairiz de Veiga-Ourense). É un dos máis altos, con 35 m e conta con máis de 250 anos. Forma parte do escudo municipal de Rairiz de Veiga e está declarado Monumento Natural.

En moitos puntos de Galicia consérvanse carballos singulares, verdadeiros monumentos naturais que son o orgullo dos seus propietarios e dos lugares nos que se atopan.




**Carballo da Casa do Herdeiro.** Carballedo. A parte baixa do toro é moi ancha debido a que está totalmente cuberto de nórregas. Ten 16 m de altura e 8,38 m de perímetro no toro. Conta con arredor de 500 anos.



**Carballo de San Antonio.** Situado no exterior do Pazo de Vilar de Francos. (Parroquia de Artes-Carballo). É unha árbore que conserva unha estrutura regular, coa copa ancha e de gran volume. Ten 23 m de altura, 6,60 m de perímetro e unha idade estimada entre 200 e 500 anos.



**Carballo de Cerracín** (Friol-Lugo). Mide 24 m de altura e 6,50 m de perímetro troncal. Conta entre 250 e 500 anos.



**Carballo de Santa Margarida.** Mourente-Pontevedra. Conta con perto de 500 anos. Segundo a tradición as promesas que se fan debaixo del non poden romperse nunca.

**Santa Margarida do Monteporreiro** que ten o carballo maior do Reino. **Frei Martín Sarmiento** (1695-1772) "Coloquio en mil duascenas coplas galegas", 1746.